

OS SIGNOS DE PROLONGACIÓN

Os signos de prolongación utilízanse para ampliar ou modificar a duración do son.

Os máis utilizados son:

1- A LIGADURA: é unha línea curva que une dúas ou máis figuras. Temos dous tipos:

- a) Cando as notas que une **teñen o mesmo nome e altura**, a ligadura serve para unir as súas duracións. Súmase o valor de todos os pulsos, convertíndose nunha soa. Chámase LIGADURA DE UNIÓN.



- b) Se as notas que une **teñen distinto nome e altura** chámase LIGADURA DE EXPRESIÓN e indica que estas deberán tocarse sen ningún tipo de separación. A súa función é organizar motivos ou ideas musicais.



2- O PUNTO : colócase á dereita da figura, sumándolle a metade do seu valor.



A REDONDA e a metade do seu valor



A BRANCA e a metade



A NEGRA e a metade



A CORCHEA e a metade



3- O PICADO: É un punto que se coloca enriba/ debaixo das cabezas das figuras, dependendo da orientación das plicas. Significa que a figura PERDE aproximadamente a metade da súa duración.



4- O CALDERÓN

Represéntase polo símbolo



e indica un punto de reposo. O calderón

indica que o tempo musical se detén prolongando o silencio ou a nota sobre a que está colocado. A duración desta nota ou silencio será á vontade do intérprete.

Sitúase xeralmente enriba da nota ou silencio. Atópase xeralmente ao final dunha frase ou dun fragmento musical.

O ACENTO

Úsase para dar maior intensidade ou énfasis a unha nota. Representase así




A súa finalidade é crear efectos no discurso musical.

Nos compases BINARIOS, TERNARIOS E CUATERNARIOS, os acentos sempre serven para separar as distintas liñas divisorias e para organizar os compases.

BINARIOS



TERNARIO



CUATERNARIO

